



# FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

## XORNADAS TÉCNICAS DE ESCALADA ARTIFICIAL 22 E 23 DE SETEMBRO REFUXIO DE COBAS (COBAS-RUBIÁ-OURENSE)

O obxectivo de estas xornadas é o de dotar ó alumno das bases teórico prácticas da escalada artificial no medio subterráneo. Aínda que este campo necesita de unha práctica constante, son fundamentais estas primeiras directrices que marcarán e asegurarán a realización de unha escalada con seguridade.

### Materias a Impartir:

- Xeneralidades. Necesidade de unha escalada no medio subterráneo.
- Material.
- Aseguramento.
- Escalada artificial e libre.
- Instalación definitiva dá vía.

### Datas e Horarios

#### Sábado 22

10:30 - Recepción participantes  
11:00 - Presentación e inicio das clases  
14:00 - Comida.  
16:00 - Prácticas.  
20:00 - Fin xornada.

#### Domingo 23

10:00 - Inicio de prácticas.  
13:00 - Fin prácticas.  
14:00 - Clausura.

### Lugar das Xornadas

As prácticas realizaranse na zona de prácticas do refuxio de Cobas (Ourense). A pernocta realizarase no propio refuxio.

### Cadro Docente

Membros dá Escola Galega de Espeleoloxía.

### Regulamento das Xornadas:

- O pazo de inscrición abrirase o día 10 de setembro e cerrarse o día 19 de setembro.
- O número de participantes será como máximo 10 (por orden de inscrición). Terán prioridade aqueles que non asistiron as anteriores Xornadas da E.G.E.
- Maiores de 16 anos.
- Ter coñecementos de progresión en corda.
- Estar en posesión da licenza da Federación Galega de Espeleoloxía, ou a correspondente doutra FF.AA.
- Os menores de idade precisarán permiso paterno.



# FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

## Material necesario:

- Material de progresión vertical, incluíndo 1 fifi e un par de estribos de como mínimo 3 peldaños ou unha cinta plana de 8 metros para a súa confección (bolsa de instalación quen a teña así como unha corda dinámica de como mínimo 25 metros).
- Saco de durmir e esterilla
- Manutención

A organización non se fai cargo da responsabilidade civil na que puidesen incorrer os asistentes nas súas actuacións ou si sufrisen ou provocasen accidentes.

A E.G.E. resérvase o dereito de rexeitar ós participantes que non cumpran as normas de seguridade elementais, e da anular as Xornadas se as circunstancias o requiren.

A asistencia ás Xornadas é voluntaria, desta maneira a participación nelas supón a aceptación deste regulamento.

## Cuota de inscrición:

A cuota desta actividade será gratuíta para os federados da F.G.E. e de 60 € para os federados do resto das FF.AA.

Os respectivos Clubs abonarán a cuota por cada asistente mediante un ingreso na c/c 0812-2200-14-02004190934 do BBVA a nome da Federación Galega de Espeleoloxía, indicando no concepto o nome do curso.

## Información:

Federación Galega de Espeleoloxía  
Complejo Deportivo de Elviña. Avda. Glasgow nº 13  
15008 A Coruña  
Tlf.: 981 291 087  
Correo electrónico: [escuela@espeleoloxia.org](mailto:escuela@espeleoloxia.org)